



## **INFORMACIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS SOBRE O ACCESO AOS LIBROS DE TEXTO NO CURSO 2010-2011.**

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, contempla a posibilidade de bolsas e axudas ao estudo para garantir a igualdade no exercicio do dereito á educación.

En liña co sistema denominado de gratuidade solidaria implantado o curso pasado, por Orde do 28 de maio de 2010 se convocan axudas para a adquisición de libros de texto, materiais curriculares e material didáctico e complementario destinadas ao alumnado matriculado en centros sostidos con fondos públicos en 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial no curso escolar 2010-2011 (DOG núm. 101, do 31 de maio).

Non obstante dito modelo de gratuidade solidaria e o sistema de préstamo na parte que mantén a súa vixencia deben de adaptarse ao disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG núm. 97, do 25 de maio). Neste senso, compre indicar:

**1.-** O Decreto para o plurilingüismo establece:

- a)** En educación primaria impartirase en galego a materia de Coñecemento do medio natural, social e cultural, e en castelán a materia de Matemáticas.
- b)** En educación secundaria obrigatoria impartirase en galego as materias de Ciencias sociais, xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.
- c)** Cada centro educativo decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras.
- d)** Os materiais e libros de texto das materias impartidas en galego e en castelán estarán redactados na lingua en que se imparta a materia.

**2.-** Este Decreto entrou en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia (e dicir, o día 26 de maio) e, consecuentemente, resulta de aplicación en todos os centros docentes sostidos con fondos públicos, así como nos privados que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** No relativo ao ensino básico e obrigatorio, os centros docentes publicarán a relación dos materiais e dos libros de texto das materias impartidas en galego ou en castelán, de



conformidade co establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

**4.-** Unha vez determinados os libros por cada centro, os pais/ nais ou os titores/-as legais dos alumnos/-as accederán aos mesmos por algún dos seguintes procedementos:

**a)** Modalidade coñecida como de gratuidade solidaria: para 1º, 2º, 5º e 6º de educación primaria e en educación especial, segundo o determinado pola Orde do 28 de maio de 2010 pola que se convocan axudas para a adquisición de libros de texto.

Achégase documentación complementaria sobre o funcionamento e utilidades da aplicación informática deseñada para a xestión das referidas axudas.

**b)** Modalidade de préstamo: para aqueles libros de texto que non precisen ser cambiados por non estar afectados polo Decreto do plurilingüismo, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria publicará una Orde de reposición para substituír os libros de préstamo que se deterioraran ou por incremento do alumnado.

**c)** A aplicación do dito Decreto de plurilingüismo fai necesario cambiar, con carácter xeral, os libros de Matemáticas de 3º e 4º de educación primaria e os de Matemática, Tecnoloxías e Física e química de educación secundaria obrigatoria e, singularmente, aqueles outros manuais que se deban de substituír para garantía do máximo equilibrio posible nas horas semanais e nas materias impartidas nas dúas linguas oficiais de Galicia, co obxectivo de asegurar a adquisición da competencia en igualdade nelas. Nesas circunstancias non se pode manter o modelo de préstamo para os mesmos e por iso a Consellería continuará avanzando na implantación do modelo denominado de gratuidade solidaria e, en consecuencia, publicará a correspondente orde de axuda para a adquisición dos referidos libros de texto.

Neste punto, destacar que para acollerse ás ditas axudas deberán de formalizarse a pertinente solicitude de conformidade co que no seu momento se estableza na orde de convocatoria das mesmas, que será publicada no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2010.

**O DIRECTOR XERAL DE CENTROS  
E RECURSOS HUMANOS**

José Manuel Pinal Rodríguez.

**DIRECTOR/-A DO CENTRO**